

CONVOCATORIA 2021/2022 PROGRAMA ERASMUS+ DE MOBILIDADE PARA PERSOAL

Pola presente, a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia presenta a súa oferta de mobilidades de persoal no curso 2021/2022. As mobilidades poderán corresponder os seguintes proxectos:

1. KA103 a estados UE e asociados.
2. Consorcio CARTES.
3. KA107 Albania.
4. KA107 Cambodia.
5. Consorcio ESCRBBCCG-UVIGO-USC-Consello da Cultura Galega-CSIC/INCIPIT.
6. Erasmus+ Capacity Building REACH Albania.

1. Acción KA103 a estados UE e asociados.

Contempla mobilidades de profesores cunha duración mínima de dous días (máis viaxes) a institucións de ensinanza superior ou de interese, nos estados membros da UE e asociados (Suiza, Noruega, Islandia, Liechtenstein e Balcanes). Neste marco, o profesor solicitante conta con liberdade para elixir centro de destino, duración e actividades, sempre que a iniciativa se xustifique debidamente e se axuste o orzamento dispoñible (ver apartado 12 “Procedemento e solicitude”).

Para consultas e ampliar información, escribir o email erasmus@escolaconservacion.gal

2. Consorcio CARTES.

Proxecto de asociación estratéxica de centros de ensinanza superior que inclúe mobilidades de persoal e alumnado a países fora da UE. Neste caso, a oferta de mobilidades é pechada en destinos, duración e datas, en función da oferta publicada pola dirección do Consorcio. A coordinación Erasmus+ da ESCRBBCCG será a responsable de informar o profesorado das mobilidades dispoñibles, así como do seu destino e duración.

Para consultas e ampliar información, escribir o email erasmus@escolaconservacion.gal

3. Acción KA107 Albania.

Contempla mobilidades de profesorado a institucións de ensinanza superior e outras de interese. As mobilidades deberán estar relacionadas cos contactos establecidos e cos obxectivos xerais do proxecto. Non obstante, se contempla flexibilidade para o profesor solicitante no tocante a actividades, datas e destinos. En todo caso, as iniciativas deberán xustificarse debidamente e axustarse o orzamento dispoñible.

Para consultas e ampliar información, escribir o email erasmus@escolaconservacion.gal

4. Acción KA107 Cambodia.

Contempla mobilidades de profesorado a institucións de ensinanza superior e outras de interese. As mobilidades deberán estar relacionadas tanto cos contactos xa establecidos como cos obxectivos xerais do proxecto. Non obstante, contéplase flexibilidade para o profesor solicitante no tocante a actividades, datas e destinos. En todo caso, as iniciativas deberán xustificarse debidamente e axustarse o orzamento dispoñible.

Para consultas e ampliar información, escribir o email erasmus@escolaconservacion.gal

5. Consorcio ESCRBBCCG-UVIGO-USC-Consello da Cultura Galega-CSIC/INCIPIT.

A ESCRBBCCG lidera este proxecto de asociación estratéxica de centros galegos de investigación e conservación do patrimonio cultural. Neste marco se inclúen mobilidades para profesores coherentes cos obxetivos e actuacións definidos polo Consorcio. Neste contexto, a coordinación Erasmus+ da ESCRBBCCG informará das mobilidades de profesorado dispoñibles para o presente curso.

Para consultas e ampliar información, escribir o email erasmus@escolaconservacion.gal

6. Erasmus+ Capacity Building REACH Albania.

Proxecto organizado pola ESCRBBCCG, a Universidade de Bolonia, a Universidade de Urbino, a Universidade das Artes de Tirana e a Fundación Flaminia para o desenvolvemento da capacidade multidisciplinar de investigación e a competencia técnica no eido da conservación-restauración do patrimonio cultural en Albania. A iniciativa inclúe mobilidades de profesores con datas e destinos pechados en función dos obxectivos e cronograma do proxecto. A coordinación Erasmus+ da ESCRBBCCG informará sobre a dispoñibilidade e datas das mesmas.

Para consultas e ampliar información, escribir o email erasmus@escolaconservacion.gal

7. Obxectivos xerais das acción Erasmus+ da ESCRBBCCG:

- Ampliar as posibilidades de desenvolvemento profesional do persoal docente da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.
- Internacionalizar o contido dos estudos que ofrece a ESCRBBCCG a través do efecto multiplicador que exercerá a experiencia internacional dos profesores, ademais de ampliar e enriquecer o abanico de cursos impartidos.
- Fomentar o intercambio de coñecementos técnicos e experiencias sobre métodos pedagóxicos.
- Consolidar os vínculos entre os centros con los que se manteñen convenios e crear novas relacións institucionais.

8. Obxectivos específicos das accións Erasmus+ da ESCRBBCCG:

Os proxectos de mobilidade vixentes contemplan desplazarse a unha institución de ensinanza superior que dispoña de carta Erasmus co obxectivo de, ou ben impartir docencia en asignaturas ou cursos que formen parte do programa de estudos no centro de acollida, ou ben recabar información e formación acerca do seu modelo educativo, estratexias pedagóxicas, e desenvolvemento dos estudos.

Por outra banda, se contempla a visita a institucións, centros de investigación ou empresas que leven a cabo actividades no eido da conservación do patrimonio cultural co obxectivo de establecer relacións de cooperación ou alianzas que supoñan mellora da formación do persoal da ESCRBBCCG.

9. Beneficiarios:

As mobilidades están dirixidas a calquera membro do persoal da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

10. Criterios de selección:

Darase preferencia as primeiras participacións, así como as solicitudes para mobilidades que permitan acadar novos materiais didácticos e/ou que fomenten a consolidación ou a ampliación dos existentes vínculos e/ou proxectos en colaboración con outros centros, así como o establecemento de futuros proxectos de colaboración e intercambio académico cos centros de destino.

A idoneidade dos perfís docentes por especialidade será tamén tido en conta, en función da natureza ou necesidades de cada proxecto, así como o coñecemento do idioma. En xeral, será tido en conta que as mobilidades supoñan establecer posibilidades a nivel de desenvolvemento e mellora da actividade formativa da ESCRBBCCG.

11. Xestión/tramitación:

A xestión das activades das mobilidades docentes levaráse a cabo pola coordinación Erasmus+ ESCRBBCCG e polo equipo directivo nos casos en que corresponda.

12. Procedemento e solicitude:

- **Informárase puntualmente vía email ou reunión da oferta de mobilidades** para cada un dos proxectos, en función das necesidades e orzamentos en cada caso.
- Os candidatos deberán comunicar a coordinación Erasmus+ o seu interese por escrito, achegando o **formulario de solicitude de mobilidade docente**.
- A petición deberá acompañarse dunha **programación docente ou programa de actividades** a levar a cabo no centro de acollida, segundo o formulario facilitado (tamén dispoñible na páxina web da Escola).
- Finalizada a mobilidade, o beneficiario deberá redactar un **informe** de contidos e actividades desenrolados, segundo o modelo que se adxuntará a presente convocatoria (dispoñible na web da ESCRBBCCG).

A coordinación Erasmus+ resolverá comunicando por escrito os interesados, en función dos criterios de concesión e a capacidade orzamentaria. As mobilidades adxudicadas se publicarán na web da ESCRBBCCG.